



Servizo de Sanidade Ambiental

Asunto	CONTESTACIÓN Á RESPOSTA DO PROMOTOR Ó INFORME DESTA DIRECCIÓN XERAL NO TRÁMITE DE AVALIACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL
Proxecto	PARQUE EÓLICO CANEDO
Promotor	GALFOR EÓLICA, S.L.
Localización	CONCELLOS DE ALFOZ E MONDOÑEDO
Expediente	LU-11/136-EOL

SOLICITANTE: Servizo de Enerxía e Minas da xefatura territorial de Lugo da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación.

FEITOS :

A Dirección Xeral de Saúde Pública recibe do Servizo de Enerxía e Minas da xefatura territorial de Lugo da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación con datas 22/11/2021 e 07/12/2021 e número de rexistro de entrada 2021/2174487 e 2021/2286288 respectivamente, traslado da resposta do promotor ó informe desta dirección xeral de data 16/11/2021 .

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS:

Co fin de dar cumprimento ó establecido no artigo 37.2.i) da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, solicítase informe a esta dirección xeral no ámbito das nosas competencias.

De acordo con todo o indicado, emítese o seguinte

INFORME:

Vista a documentación remitida polo promotor en contestación ó informe previo desta dirección xeral, sen detrimento das competencias propias doutros organismos oficiais e dentro do ámbito de saúde pública, considérase que se proporcionou a información adicional requirida para avaliar o risco da saúde, e que se deseñaron as medidas adecuadas para o control e monitoreo dos impactos sobre a saúde humana.

En todo caso, os resultados do seguimento deberán avaliarse periodicamente para determinar si é preciso definir controis adicionais e implantar novas medidas correctoras, como é no caso do parpadeo de sombras.



No referente o suministro de auga de consumo durante a fase de obra, deberá asegurarse en todo momento o cumprimento dos criterios da calidade recollidos no Real Decreto 140/2003, especialmente no referente á presenza dun desinfectante residual.

Santiago de Compostela, na data e hora da sinatura dixital

O xefe do Servizo de Sanidade Ambiental

Manuel Álvarez Cortiñas

